

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2023/8	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	23 de febreiro de 2023
Duración	Dende as 13:10 ata as 13:25 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Manuel Cuíña Fernández
Secretaria	Déborah García Suárez
Interventor	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN	
Nome e Apelidos	Asiste
Angela Troitiño Gil	SÍ
Antonio Ferro Losada	SÍ
Jesús Taboada Lázara	SÍ
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior: 16.02.2023

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 16 de

febreiro de 2023.

Expediente 1142/2022. Licenza ou Autorización Urbanística. Construción dun muro de contención de terras e a reconstrución dun muro tradicional existente

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

LEXISLACIÓN APLICABLE:

Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.

Lei 38/1999, de 5 de novembro, de ordenación da edificación.

Lei 1/2021, de 08 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.

Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia (PBAG).

Lei 1/2019, do 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.

Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

Plan Xeral de Ordenación Urbana de Silleda.

ANTECEDENTES:

1º.- Consta no expediente a autorización de Dona MARÍA PURIFICACIÓN SALGUEIRO GIL, titular do Documento Nacional de Identidade nºXXXXXXXX, a Don Ramón Moreira García, Enxeñeiro técnico agrícola, titular do Documento Nacional de Identidade nºXXXXXX, para realizar os trámites oportunos de presentación dun proxecto técnico para a execución dun muro de contención de terras no lugar situado en Vilanova 5, polígono 507, parcela 452, Margaride, Concello de Silleda, Pontevedra (Referencia catastral36052H507004520000ZJ).

2º.- Consta no expediente o "Proxecto técnico de execución de muro de cachotería e reconstrución e reforzo de muro tradicional existente, situado no lugar de Vilanova, parroquia de Margarid, concello de Silleda, da provincia de Pontevedra, a requirimento de D. María Purificación Salgueiro Gil" de xullo de 2022, asinado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Ramón Moreira García, colexiado nº 1.666, visado polo colexio oficial correspondente con número de visado 20220714.

3º.- Consta no expediente un estudo xeotécnico realizado pola empresa Xeotec topografía e xeotecnia, respecto do análise das condicións do terreo.

4º.- Consta no expediente informe favorable da Consellería do Medio Rural asinado por Francisco Javier Rodríguez Jar, xefe de Sección de Estructuras Agrarias e Obras, co visto e praxe de María José Pérez Gil, xefa do Servizo de Infraestructuras Agrarias, de data 4 de agosto de 2022.

5º.- Consta informe favorable da arquitecta técnica, Verónica Chaves González, asinado o 07/02/2023.

Parte do informe favorable da arquitecta recolle o seguinte:

“As obras a realizar consisten na construción dun muro de contención de terras e a reconstrución dun muro tradicional existente na parte leste da parcela, en colindancia coa parcela 453 do mesmo polígono 507, para conter o terreo e talude existente entre as dúas parcelas, de altura media 2,50m e altura máxima 3,00m. Lonxitude a realizar en nova construción aproximadamente de 75ml. Ancho de muro de 1,00m. Representación en plano disposición e posición sobre a parcela.

As características construtivas do muro a realizar é un muro de gravidade tipo escollera en pedra de granito tipo perpiaño.

Existe un tramo de muro en pedra tradicional existente de lonxitude aproximada 45,00m, sobre o que se intervendrá, mediante a seu arranxo e reconstrución con cachotería ordinaria.

2.3.CUMPRIMENTO DAS PREVISIÓNS DA NORMATIVA URBANÍSTICA VIXENTE:

a) Réxime legal do solo

1. A parcela onde se localiza a edificación está cualificada no planeamento municipal vixente como solo non urbanizable normal; ao que en virtude da Disposición Transitoria 1ª.2.d). da LSG, aplicaráselle o disposto na presente lei para o solo rústico. En consecuencia resulta de aplicación, aos efectos dos usos e actividades nesta clase de solo, o réxime establecido nos artigos 35 a 37 LSG e 50 a 55 RLSG. As condicións para as edificacións regúlanse nos artigos 39 LSG e 59 a 63 RLSG.

De conformidade co previsto nos artigos 36.2 da LSG, e 51.2 do RLSG, no solo rústico de especial protección será preciso obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente.

2. Afección sectorial:

A parcela atópase dentro da zona de Concentración parcelaria de Negreiros-Margaride no concello de Silleda declarada de utilidade pública e urxente execución polo decreto 2144/1969, do 16 de agosto de 1969, e finalizou o 13.11.78 coa aprobación da acta de reorganización da propiedade, dando como resultado do procesode concentración, o predio de reemplazo 452 do polígono 7 como parte de dita acta.

O art. 34.2.a) LSG e concordante 49.2.a) RLSG categoriza o solo rústico de protección

agropecuaria, como o constituído polos terreos que fosen obxecto de concentración ou reestruturación parcelaria con resolución firme e os terreos de alta produtividade agropecuaria que sexan delimitados no catálogo oficial correspondente polo órgano que teña a competencia sectorial en materia agrícola ou gandeira, como é o caso. Correspondendo por tanto, á parcela de referencia, esta categoría de solo rústico.

Nos termos esixibles do art. 36.2 da LSG é necesaria a previa autorización ou informe favorable por parte do órgano que teña a competencia sectorial correspondente no solo rústico de especial protección.

Conta neste caso con autorización por parte de este organismo sectorial afectado, Servizo de Infraestruturas Agrarias da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia de data 04.08.2022 (Expediente Ref.: 2022/01825).

b) Determinacións aplicables:

-O uso pretendido a implantar, de muro de contención e reparación de muro existente, ten encaixe dentro dos usos admisibles de rústico seguintes: "b) Muro de contención, así como valado de predios (Art. 35.1.b LSG e 50.1.b) RLSG) A altura máxima dos muros de contención desde a cota de referencia será de tres metros, agás os supostos expresamente autorizados pola normativa sectorial. Os peches e valados de predios poden ser de diversos tipos, nas condicións indicadas no artigo 60."

En virtude do art. 36.1. LSG e 51.1. RLSG resulta un uso permitido en calquera categoría de solo rústico. No caso de solo rústico de especial protección, como é o caso, será necesario obter a autorización ou informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal.

-En relación ás determinacións de aplicación a este tipo de construción no solo rústico cómpre indicar:

O muro de contención proxectado cumpre a dimensión máxima en altura establecida no art. 50.1.b) RLSG. Altura media 2,50m e puntualmente altura máxima 3,00m.

Conforme parámetros aplicables regulados en normativa urbanística autonómica en réxime de solo rústico, regúlase o seguinte no artigo 39 da LSG referente a condicións xerais das edificacións en solo rústico: "Art. 39.c) As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións do contorno, sen prexuízo doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica. Os cerramentos de fábrica non poderán exceder os 1,50m de altura e deberán adaptarse ao medio no que se localicen".

Así como no art. 60.3 RLS: "Os cerramentos de fábrica non poderán exceder os 1,5 metros de altura e deberán adaptarse ao medio en que se sitúen. As características concretas derevestimento, pintado ou outras condicións exixibles serán determinadas no planeamento respectivo. Os peches realizados con material opaco poderán realizarse con materiais tradicionais do medio en que se sitúen. Para estes efectos, os cerramentos e valados poderán ser vexetais, polo seu efecto estético

e a súa acción positiva en relación co medio natural ao servir de refuxio para a fauna silvestre, procurando o uso de especies arbustivas autóctonas."

Neste caso emprego de material axustado e adaptado ao medio no que se localiza. Muro en pezas de cantería.

_ Protección vía pública:

-O artigo 92 da LSG, establece o seguinte réxime, respecto da protección das vías de circulación: "1. As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte, agás que o instrumento de ordenación urbanística estableza unha distancia superior. Unicamente se exclúe desta obriga a colocación de marcos e cerramentos de postes e arame destinados a delimitar a propiedade rústica, así como o establecido no artigo 26.1.e). 2. En todo caso, deberá cumprirse o disposto pola lexislación sectorial aplicable."Peche entre lindes de parcelas, non fronte de parcela.

CONCLUSIÓN:

Polo que, tendo en conta o anterior, infórmase FAVORABLEMENTE o presente expediente correspondente a construción dun muro de contención de terras e a reconstrución dun muro tradicional existente sitos no Lg. Vilanova 5, parcela 452 polígono 507 Margarid, concello de Silleda, Pontevedra (Referencia catastral36052H507004520000ZJ), conforme e segundo o proxecto técnico presentado, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Don Ramón Moreira García colexiado nº 1.666); coa observancia das seguintes condicións:

Os peches que se sitúen nos lindes entre propiedades entenderanse concedidos sen prexuízo de terceiros e salvando o dereito de propiedade.

A reconstrución do muro tradicional existente realizarase empregando pezas das mesmas características e tipoloxía que o muro existente.

Antes do comezo das obras deberá presentarse o nomeamento da dirección facultativa e do coordinador de seguridade e saúde das mesmas, visados polos colexios oficiais correspondentes. (Art. 353.2.e)"

6º.- Consta informe xurídico do 22 de febreiro de 2023.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.-LICENZAS URBANÍSTICAS

Pódese definir o termo licenza urbanística como un acto administrativo de autorización ou declarativo de dereitos, de natureza regrada, mediante o cal a Administración leva a cabo un control preventivo sobre a actividade dos administrados para asegurar que a actuación proxectada se axusta á ordenación urbanística.

As licenzas otórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico e sempre deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

A denegación das licenzas urbanísticas deberá ser motivada, con explícita referencia ás normas ou determinación do planeamento urbanístico que se incumplan no proxecto para o que se solicita.

Así o establecen os artigos 142, 143 e 144 da Lei 2/2016 LSG e arts.348 e ss do RLSG.

SEGUNDO.-OBXECTO DA LICENZA URBANÍSTICA

O artigo 142 da LSG recolle as Licenzas urbanísticas e comunicacións previas:

1. A licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

2. Estarán suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, os seguintes actos:

a) Os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, consonte a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.

b) As intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.

c) As demolicións, agás as derivadas de resolucións de expedientes de restauración da legalidade urbanística.

d) Os muros de contención de terras, segundo se estableza regulamentariamente.

e) Os grandes movementos de terras e as explanacións.

f) As parcelacións, segregacións ou outros actos de división de terreos en calquera clase de solo, cando non formen parte dun proxecto de reparcelación.

g) A primeira ocupación dos edificios.

h) A implantación de calquera instalación de uso residencial, xa sexa provisional ou permanente

i) A corta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística e, en todo caso, cando a dita corta derive da lexislación de protección do dominio público.

3. Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis.

O artigo 351.1 letra d) do RLSG establece que están suxeitos a licenza “Os muros de contención de terras (artigo 142.2.d) da LSG), cando a súa altura sexa igual ou superior a metro e medio”.

TERCEIRO.- PROCEDIMENTO DE OUTORGAMENTO DE LICENZAS (artigo 143 LSG e 352 e seguintes do Decreto 143/2016)

1. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos. En ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

2. A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

3. Ás solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, respondendo o seu autor da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados no mesmo.

Con todo, as disposicións previstas no citado precepto desenvólvense nos artigos 352 a 359 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia, onde se describe de forma máis detallada o procedemento a seguir para a concesión de licenzas esixindo a emisión dos correspondentes informes técnico e xurídico con carácter previo á resolución do expediente de referencia; informes que deberán versar sobre a adecuación do acto pretendido ás previsións da lexislación e da ordenación territorial e urbanística de aplicación, así como ao planeamento vixente.

Xunto aos anteriores extremos destaca igualmente:

- A determinación legal do prazo, de 3 meses, no que terá que resolverse o citado procedemento con aplicación dun silencio administrativo positivo tan só naqueles supostos nos que o solicitado non resulte contrario á normativa ou ao plan urbanístico de aplicación. Previsión a citada que debe tomarse en consideración sen obviar as previsións do art. 114 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana.

- A previsión legal expresa, a través do artigo 145 da Lei de aplicación, de que o propio acto de outorgamento da licenza deberá concretar os prazos de caducidade daquela por causa de demora no comezo, interrupción ou fin das obras, así como a concreción, dun prazo por defecto para o inicio e o remate das obras (seis meses no primeiro caso e tres anos no segundo).

CUARTO.- Especial fincapé fai a normativa urbanística a respecto da prelación entre as licencias urbanísticas e outros títulos ou licencias administrativas necesarias en función da actividade que se pretenda levar a cabo na obra proxectada, determinando que:

1.- A falta de autorización ou concesión demanial ou a súa denegación -cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo se pretendan levar a cabo en terreos de dominio público- impedirá a concesión da licenza urbanística correspondente.

2.- Cando na obra proxectada se prevea o desenvolvemento dunha actividade, será preciso concretar tal circunstancia de maneira expresa con motivo da presentación da solicitude de licenza de obras, poñer en coñecemento da Administración municipal os datos que identifican da mesma actividade e achegar, tamén coa solicitude de licenza, a documentación prevista no artigo 24 da Lei do emprendemento e da competitividade económica de Galicia así como a contida no art. 364 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

3.- No caso de que os actos de edificación ou uso do solo e do subsolo requiriran previa avaliación de impacto ambiental, non poderá outorgarse licenza municipal con anterioridade á citada declaración de impacto polo órgano ambiental competente ou cando a mesma resultase negativa.

4.- Non poderá outorgarse licenza sen o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando fosen procedentes de acordo co disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia ou o seu Regulamento de Desenvolvemento; en particular, determina o art. 356 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, no solo rústico de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal, de conformidade co previsto nos artigos 36.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e 51.2 do mesmo regulamento.

QUINTO.- Según o informe da arquitecta técnica a parcela onde se localiza a edificación está cualificada no planeamento municipal vixente como solo non urbanizable normal; ao que en virtude da Disposición Transitoria 1ª.2.d) da LSG, aplicaráselle o disposto na presente lei para o solo rústico. En consecuencia resulta de aplicación, aos efectos dos usos e actividades nesta clase de solo, o réxime establecido nos artigos 35 a 37 LSG e 50 a 55 RLSG. As condicións para as edificacións regúlanse nos artigos 39 LSG e 59 a 63 RLSG.

O Artigo 35 LSG, regula os usos e as actividades admisibles en solo rústico, e entre eles atopamos:

b) Muros de contención, así como valado de predios.

Cabe recordar que a parcela atópase dentro da zona de Concentración parcelaria de Negreiros-Margaride no concello de Silleda declarada de utilidade pública e urxente execución polo decreto 2144/1969, do 16 de agosto de 1969, e finalizou o 13.11.78 coa aprobación da acta de reorganización da propiedade, dando como resultado do proceso de concentración, o predio de reemplazo 452 do polígono 7 como parte de dita acta.

O art. 34.2.a) LSG e concordante 49.2.a) RLSG categoriza o solo rústico de protección agropecuaria, como o constituído polos terreos que fosen obxecto de concentración ou reestruturación parcelaria con resolución firme e os terreos de alta produtividade agropecuaria que sexan delimitados no catálogo oficial correspondente polo órgano que teña a competencia sectorial en materia agrícola ou gandeira, como é o caso. Correspondendo por tanto, á parcela de referencia, esta categoría de solo rústico.

Polo que é preciso atender ó recollido nos artigos 36.2 da LSG e o 51.2 do RLSG, que establecen que será preciso que “no solo rústico de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal ou da autorización autonómica nos casos en que esta sexa preceptiva...”

Consta no expediente informe favorable da Consellería do Medio Rural asinado por Francisco Javier Rodríguez Jar, xefe de Sección de Estructuras Agrarias e Obras, co visto e praxe de María José Pérez Gil, xefa do Servizo de Infraestruturas Agrarias, de data 4 de agosto de 2022.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

PRIMEIRO.- Conceder a Dona MARÍA PURIFICACIÓN SALGUEIRO GIL a licenza urbanística solicitada correspondente a construción dun muro de contención de terras e a reconstrución dun muro tradicional existente sitos no Lg. Vilanova 5, parcela 452 polígono 507 Margaride, concello de Silleda, Pontevedra (Referencia catastral 36052H507004520000ZJ), conforme e segundo o proxecto técnico presentado, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Don Ramón Moreira García colexiado nº 1.666); coa observancia das seguintes CONDICIÓNNS:

- 1.-Os peches que se sitúen nos lindes entre propiedades entenderanse concedidos sen prexuízo de terceiros e salvando o dereito de propiedade.
- 2.-A reconstrución do muro tradicional existente realizarase empregando pezas das mesmas características e tipoloxía que o muro existente.
- 3.-Antes do comezo das obras deberá presentarse o nomeamento da dirección facultativa e do coordinador de seguridade e saúde das mesmas, visados polos colexios oficiais correspondentes. (Art. 353.2.e).

SEGUNDO.- A licenza otórgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

TERCEIRO.- O interesado deberá aboar a taxa por outorgamento da licenza polo importe que corresponda.

CUARTO.-Notificar o presente acordo ao interesado.

Expediente 1650/2022. “MELLORA E AMPLIACIÓN DO PARQUE INFANTIL DA BANDEIRA”

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto que o Concello de Silleda concorreu á liña de subvencións da Xunta de Galicia para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación dos servizos municipais cun proxecto para a renovación do parque infantil ubicado na localidade da Bandeira.

Visto que dita solicitude foi desestimada.

Visto que o citado parque infantil se atopa en moi mal estado e que resulta necesario realizar unha renovación total deste espazo público, por cuestións tamén de seguridade.

Visto que con data 15 de decembro de 2022, incorporáronse ao expediente o Proxecto redactado pola arquitecta Natalia Campos Ferro, colexiada 4382 do COAG. No mesmo proxecto contéñesen os Pregos de Prescricións Técnicas, e con data 29 de decembro incorpórase o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, que teñen de rexer a adxudicación do contrato.

Visto o orzamento base de licitación (IVE excluído) deste contrato ascende a 90.897,22 €, ao que hai que engadir un IVE de 19.088,42 €, o que totaliza o importe deste contrato en 109.985,64 €.

Visto que, por acordo da Xunta de Goberno Local celebrada o 21 de decembro de 2022 acordouse iniciar o expediente administrativo para levar a cabo a tramitación do contrato administrativo de obras "MELLORA E AMPLIACIÓN DO PARQUE INFANTIL DA BANDEIRA".

Visto que no expediente consta a seguinte documentación:

- Acta de Trazado Previo.
- Informe de non división en lotes
- Certificado de existencia de crédito
- Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares
- Informe xurídico dos Pregos
- Informe de fiscalización de Intervención.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación, para contratar a obra de "MELLORA E AMPLIACIÓN DO PARQUE INFANTIL DA BANDEIRA".

SEGUNDO. Autorizar, pola contía de 109.985,64 Euros (IVE engadido), o gasto que para este Concello representa a contratación referenciada, con cargo ás aplicacións previstas no estado de gastos do Orzamento Municipal prorrogado deste Concello para o exercicio 2023.

TERCEIRO. Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas do contrato de obra de "MELLORA E AMPLIACIÓN DO PARQUE INFANTIL DA

BANDEIRA" por procedemento aberto simplificado, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación.

CUARTO. Publicar o anuncio de licitación e os pregos de contratación no Perfil de Contratante do Concello de Silleda, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

QUINTO. Publicar a composición da mesa de contratación no Perfil de Contratante, cunha antelación mínima de sete días con respecto á reunión que deba celebrarse para a cualificación da documentación referida no artigo 140 da Lei de Contratos do Sector Público.

FOD - Expediente 1130/2021. Licenza ou Autorización Urbanística. Ampliación de nave industrial destinada a parque de maquinaria agrícola.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Inclusión por urxencia Expediente 1130/2021

Toma a palabra o Sr. Presidente, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 23 de febreiro de 2023.

LEXISLACIÓN APLICABLE:

Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.

Lei 38/1999, de 5 de novembro, de ordenación da edificación.

Lei 1/2021, de 08 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.

Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia (PBAG).

Lei 1/2019, do 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.

Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

Plan Xeral de Ordenación Urbana de Silleda.

ANTECEDENTES:

1º.- Consta no expediente autorización por parte de Don Miguel Villar Costoyas, co D.N.I. nºXXXXXXXXX, en representación da sociedade unipersonal Automocions San Marcos, S.L. co C.I.F.: B-36.050.409, a Don Alfredo Varela Nogueira, co D.N.I. nº XXXXXXXX en representación de Arquitav Arquitectos, SLP, a realizar os trámites necesarios para a obtención de autorización de obras de ampliación de nave industrial nas parcelas ubicadas no POLÍGONO 508. PARCELA RESULTANTE DE AGREGACIÓN, CORNADO. SILLEDA (PONTEVEDRA).

2º.- Consta no expediente o PROYECTO BÁSICO DE AMPLIACIÓN DE NAVE DESTINADA A PARQUE DE MAQUINARIA AGRÍCOLA

SITUACIÓN: POLÍGONO 508. PARCELA RESULTANTE DE AGREGACIÓN, CORNADO. SILLEDA (PONTEVEDRA)

PROPIEDAD: AUTOMOCIONS SAN MARCOS, S.L.

ARQUITECTO: D. ALFREDO VARELA NOGUEIRA.

FECHA: MAYO DE 2021

3º.- Consta no expediente unha MEMORIA URBANÍSTICA do proxecto mencionado.

4º.- Consta no expediente a escritura de AGREGACIÓN ante Manuel Barros Gallego, Notario de Silleda, realizada o 16 de outubro de 2020, número 1.140 do seu protocolo.

5º.- Consta no expediente copia da escritura ante Juan Cora Guerreiro, Notario de Silleda, realizada o 29 de xuño de 1992, número 523 do seu protocolo.

6º.- Consta no expediente CIF da empresa.

7º.- Consta no expediente copia do D.N.I. de Don Miguel Villar Costoyas.

8º.- Consta no expediente de data 23 de xuño de 2021 con rexistro de Entrada neste Concello nº 2620, a autorización favorable da Axencia Estatal de Seguridade Aérea (AESAs), condicionada a respetar os valores de altura e elevación que indican.

9º.- Consta no expediente informe favorable asinado por Francisco Javier Rodríguez Jar, xefe de Sección de Estruturas Agrarias e Obras III do Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura

Territorial de Pontevedra da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia do 21 de xullo de 2021, co visto e prace da xefa do Servizo de Infraestruturas Agrarias, María José Pérez Gil.

10º.- Consta no expediente un INFORME TÉCNICO DE EMENDA DE DEFICIENCIAS, asinado polo arquitecto municipal, Lino Doporto Framil, o 8 de novembro de 2021, en concreto fai mención ás seguintes deficiencias:

-Xustificante de pagamento dos tributos municipais. (art. 353.c do Decreto 143/2016)

-Os proxectos de obras irán acompañados do correspondente oficio de dirección destas, no cal se identificará o técnico ou técnicos aos cales se lles teñen encomendadas. (art. 353.e do Decreto 143/2016)

11º.- Consta no expediente requirimento da documentación para emendar as deficiencias atopadas, con rexistro de saída de este Concello nº 2021-S-RE-1453 , o 10 de novembro de 2021.

12º.- Consta no expediente Oficio da dirección de obra visado o 10 de xaneiro de 2020, polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, nº de visado 2000044,4.

13º.- Consta no expediente a AUTOLIQUIDACION da LICENCIA DE OBRA.

14º.- Consta no expediente Dirección de ejecución y Coordinación de Seguridad visadas polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra, fecha do visado 01/12/2021, expediente E21004459.

15º.- Consta no expediente informe favorable do Arquitecto municipal, Lino Doporto Framil, con data 20/12/2021, no que considérase que o proxecto presentado non contradí a normativa urbanística vixente, polo que informa favorablemente a solicitude de concesión da licenza de Ampliación de nave industrial destinada a parque de maquinaria agrícola solicitada, e propónse para a concesión de licenza municipal de obra, con arreglo ás limitacións que se establecen nese informe técnico, se ben para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial.

16º.- Consta no expediente informe xurídico favorable asinado por Juan Carlos Peteiro Rodríguez o 30/12/2021.

17º.- Consta no expediente informe do Arquitecto municipal, Lino Doporto Framil, con data 04/01/2022 onde corríxe un erro na numeración do rexistro “detectado erro no nº de rexistro de entrada e data da solicitude inicial do expediente 1130/2021, sinálase que o rexistro de entrada correcto é o 2021-E-RE-513 de día 10 de xuño de 2021”.

18º.- Consta no expediente que a Xunta de Goberno Local o 05/01/2022, entre outros adoptou o acordo de conceder licenza urbanística a Automociones San Marcos, SL con CIF B-36050409, para a execución da ampliación de nave destinada a almacén agrícola no lugar de Cornado, parroquia de Lamela, no Concello de Silleda, nas fincas coas seguintes referencias catastrais números:

36052D508008580000XP,
36052D508050580000XE,
36052D508050610000XE,
36052D508050780000XF,
36052D508050860000XD.

36052D508008590000XL,
36052D508050590000XS,
36052D50805620000XS,
36052D508050790000XM,

36052D508008600000XQ,
36052D508050600000XJ,
36052D508050770000XT,
36052D508050840000XK,

Todas estas fincas constan agrupadas en Escritura de agregación número 1.140, outorgada ante Manuel Barros Gallego, Notario do Ilustre Colexio de Notarios de Galicia.

19º.- Consta no expediente PROYECTO DE EJECUCIÓN DE AMPLIACIÓN DE NAVE DESTINADA A PARQUE DE MAQUINARIA AGRÍCOLA SITUACIÓN: POLÍGONO 508. PARCELA RESULTANTE DE AGREGACIÓN, CORNADO.SILLEDA (PONTEVEDRA)

PROPIEDAD: AUTOMOCIÓN SAN MARCOS, S.L.

ARQUITECTO: D. ALFREDO VARELA NOGUEIRA.

Rexistro de entrada neste Concello nº 2022-E-RE-155.

Este Proxecto está visado o 23/02/2022 polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG), nº de visado 2106590, 4.

20º.- Consta no expediente informe favorable do Arquitecto municipal, Lino Doporto Framil, asinado o 23/11/2022, ó que a funcionaria que subscribe remítese integramente en canto ós aspectos técnicos e cumprimento da normativa urbanística se refire, tratando o presente informe única e exclusivamente do aspecto procedemental do caso.

O informe favorable do arquitecto recolle o seguinte:

“Vista a documentación aportada con rexistro de entrada 2022-E-RE-155 de 23 de febreiro de 2022, xunto coa documentación que foi obxecto de licenza o día 5 de xaneiro de 2022, segundo o artigo 6.1.b do Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación, apreciase que este desenvolve o proxecto básico e define a obra na súa totalidade sen que se rebaixen, salvo erro ou omisión, as prestacións declaradas no básico, nin se alteran os usos e condicións baixo as que se outorgou a licenza municipal de obras.

En conclusión, o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude, dende o punto de vista técnico, e proponse para a autorización do inicio das obras que contan con licenza municipal de obra concedida o 5 de xaneiro de 2022, con arreglo ás limitacións que se establecen neste informe técnico e nos informes sectoriais que constan no expediente 1130/2021 e que se sinalan a continuación:

a. Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural, ao abeiro do sinalado no artigo 36.2 da Lei do Solo por encontrarse en solo rústico de Protección Agropecuaria.

a.1) Consta no expediente autorización do citado organismo con CVE: lbtW6E8bL7

b. Axencia Estatal de Seguridade Aérea, por encontrarse na zona de Servidume de Aproximación do Aeroporto de Santiago de Compostela.

b.1) Consta no expediente resolución pola que se formula a declaración có código AESASRVAISA000DGKFIVRLFBHFDA

Faise constar que o artigo 91 “Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe” da LSG, establece o seguinte:

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

Por outra banda, cómpre lembrar a obriga da plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas, segundo establece o artigo 39.d.7 da LSG e 61.7 do Decreto 143/2016 do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da LSG, de xeito que se atenúe o impacto visual da construción.

De acordo có artigo Artigo 357, Resolución, do RLSG, “Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel (<http://silleda.es/concelleria-de-urbanismo-medio-ambiente-obras-e-servizos/urbanismo/modelocartel-de-obra/>) indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente”.

21º.-Consta informe xurídico asinado o 23/02/2023

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.-LICENZAS URBANÍSTICAS

Pódese definir o termo licenza urbanística como un acto administrativo de autorización ou declarativo de dereitos, de natureza regrada, mediante o cal a Administración leva a cabo un control preventivo sobre a actividade dos administrados para asegurar que a actuación proxectada se axusta á ordenación urbanística.

As licenzas otórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico e sempre deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

A denegación das licenzas urbanísticas deberá ser motivada, con explícita referencia ás normas ou determinación do planeamento urbanístico que se incumplan no proxecto para o que se solicita.

Así o establecen os artigos 142, 143 e 144 da Lei 2/2016 LSG e arts.348 e ss do RLSG.

SEGUNDO.-OBXECTO DA LICENZA URBANÍSTICA

A distinción entre obra maior e menor implica en si mesmos importantes efectos xurídicos e leva decisivas consecuencias prácticas. Con todo, para a definición do que podemos entender como obra maior e menor aínda temos que seguir acudindo á xurisprudencia nunha gran parte das Comunidades Autónomas. Nos últimos anos, no entanto, empezaron a incluírse nas lexislacións urbanísticas autonómicas definicións máis ou menos precisas do concepto de obra maior e menor; conceptos, por outra banda, que na maior parte dos casos limitáronse a recoller as clásicas definicións xurisprudenciais existentes.

A importancia da distinción trae importantes consecuencias prácticas. Algunha delas non expón maiores dificultades de catalogación. No entanto hai supostos nos que non queda claro se estamos ante obra maior ou menor sendo que diso dependerá por exemplo, o que sexa necesario ou non proxecto, con todo o que iso á súa vez implica.

Xurisprudencia á que temos que acudir cando se nos expoñan supostos concretos que requiren una interpretación (técnica) para decidir se se trata de obra maior ou menor:

— Sentenza do Tribunal Supremo de 25 de abril de 1989 (en relación, Sentenza do Tribunal Supremo de 28 de maio de 1981 e de 21 de febreiro de 1884, 23 de xaneiro de 1916, 11 de marzo de 1978, 16 de xaneiro e 2 de febreiro de 1979, 19 de maio e 13 de xuño 1980 e 26 e 27 de maio de 1981)

— Sentenza do Tribunal Supremo de 20 de febreiro de 1990 e 9 de outubro de 1990.

— Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Navarra de 19 de maio de 2000

— Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía de Málaga de 25 de febreiro de 2000 «(...) Como lembra a Sentenza do Tribunal Supremo de 9 de outubro (...) o concepto xurídico indeterminado obras maiores ou obras menores deberá aplicarse en cada caso concreto atendendo ao volume da obra, á súa transcendencia ou perigo para a efectividade da ordenación urbanística e, no último termo, á complexidade ou sinxeleza do proxecto».

— Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Extremadura de 24 de outubro de 2006 (no mesmo sentido a Sentenza 29 de marzo de 2006 do citado Tribunal).

Podemos chegar á conclusión, con base á xurisprudencia, (polo menos en canto a edificacións refírese) se o proxecto técnico se esixe para as denominadas obras maiores (STS de 4 de abril de

1995 e Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Navarra de 19 de maio de 2000) e o artigo 2.2 e 2.3 da Lei 38/1999, de 5 de novembro de Ordenación da Edificación establece que (...) requirirán un proxecto segundo o establecido no artigo 4 as seguintes obras (...) parece que chegamos á conclusión que estas obras do artigo 2 son as que deben ser denominadas maiores (ao necesitar proxecto técnico)].

O artigo 142 da LSG recolle as Licenzas urbanísticas e comunicacións previas:

1. A licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

2. Estarán suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, os seguintes actos:

a) Os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, consonte a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.

b) As intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.

c) As demolicións, agás as derivadas de resolucións de expedientes de restauración da legalidade urbanística.

d) Os muros de contención de terras, segundo se estableza regulamentariamente.

e) Os grandes movementos de terras e as explanacións.

f) As parcelacións, segregacións ou outros actos de división de terreos en calquera clase de solo, cando non formen parte dun proxecto de reparcelación.

g) A primeira ocupación dos edificios.

h) A implantación de calquera instalación de uso residencial, xa sexa provisional ou permanente

i) A corta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística e, en todo caso, cando a dita corta derive da lexislación de protección do dominio público.

3. Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis.

TERCEIRO.- PROCEDEMENTO DE OUTORGAMENTO DE LICENZAS (artigo 143 LSG e 352 e seguintes do Decreto 143/2016)

1. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos. En ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

2. A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

3. Ás solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, respondendo o seu autor da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados no mesmo.

Con todo, as disposicións previstas no citado precepto desenvólvense nos artigos 352 a 359 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia, onde se describe de forma máis detallada o procedemento a seguir para a concesión de licenzas esixindo a emisión dos correspondentes informes técnico e xurídico con carácter previo á resolución do expediente de referencia; informes que deberán versar sobre a adecuación do acto pretendido ás previsións da lexislación e da ordenación territorial e urbanística de aplicación, así como ao planeamento vixente.

Xunto aos anteriores extremos destaca igualmente:

- A determinación legal do prazo, de 3 meses, no que terá que resolverse o citado procedemento con aplicación dun silencio administrativo positivo tan só naqueles supostos nos que o solicitado non resulte contrario á normativa ou ao plan urbanístico de aplicación. Previsión a citada que debe tomarse en consideración sen obviar as previsións do art. 114 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana.

- A previsión legal expresa, a través do artigo 145 da Lei de aplicación, de que o propio acto de outorgamento da licenza deberá concretar os prazos de caducidade daquela por causa de demora no comezo, interrupción ou fin das obras, así como a concreción, dun prazo por defecto para o inicio e o remate das obras (seis meses no primeiro caso e tres anos no segundo).

CUARTO.- Especial fincapé fai a normativa urbanística a respecto da prelación entre as licencias urbanísticas e outros títulos ou licencias administrativas necesarias en función da actividade que se pretenda levar a cabo na obra proxectada, determinando que:

1.- A falta de autorización ou concesión demanial ou a súa denegación -cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo se pretendan levar a cabo en terreos de dominio público-

impedirá a concesión da licenza urbanística correspondente.

2.- Cando na obra proxectada se prevea o desenvolvemento dunha actividade, será preciso concretar tal circunstancia de maneira expresa con motivo da presentación da solicitude de licenza de obras, poñer en coñecemento da Administración municipal os datos que identifican da mesma actividade e achegar, tamén coa solicitude de licenza, a documentación prevista no artigo 24 da Lei do emprendemento e da competitividade económica de Galicia así como a contida no art. 364 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

3.- No caso de que os actos de edificación ou uso do solo e do subsolo requiran previa avaliación de impacto ambiental, non poderá outorgarse licenza municipal con anterioridade á citada declaración de impacto polo órgano ambiental competente ou cando a mesma resultase negativa.

4.- Non poderá outorgarse licenza sen o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando fosen procedentes de acordo co disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia ou o seu Regulamento de Desenvolvemento; en particular, determina o art. 356 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, no solo rústico de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal, de conformidade co previsto nos artigos 36.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e 51.2 do mesmo regulamento.

QUINTO.- No informe do arquitecto, Lino Doporto Framil, asinado o 20 de decembro de 2021, determina que "O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, como Solo rústico de especial protección agropecuaria. As parcelas 859 e 860 pertencen á zona de concentración parcelaria de Cervaña-Lamela- Piñeiro, polígono 8. Por tanto, a estas dúas parcelas correspóndelles a clasificación de Solo rústico de especial protección agropecuaria.

Canto ao planeamento aprobado provisionalmente, e que se relaciona no punto 13.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a Ampliación de nave industrial destinada a parque de maquinaria agrícola, está clasificado como solo rústico de protección agropecuaria".

Establece o artigo 35 da LSG e o artigo 50 do RLSG que unha das actividades permitidas nese tipo de solo é a de construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandaría extensiva e intensiva, granxas, currais domésticos e establecementos en que se aloxen, manteñan ou críen animais, e instalacións apícolas (artigo 35.1.h) da LSG).

Estas construcións e instalacións responderán ás características, dimensións e configuración propias do medio rural galego. En ningún caso poderán destinarse a uso residencial ou de recreo, polo que queda prohibido que contén con instalacións propias das vivendas.

VISTO o informe emitido polo arquitecto Lino Doporto Framil tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente con sinatura dixital o día 23 de novembro de 2022, tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente así como as condicións

técnicas de seguridade e salubridade o axuste do Proxecto de Execución presentado ás determinacións da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, do Código Técnico da Edificación e do Planeamento Municipal e demais normativa de aplicación así como en relación á valoración do orzamento da edificación e da documentación obrante no expediente propónse a adopción do seguinte acordo:

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

PRIMEIRO.- PRESTAR CONFORMIDADE á nova documentación aportada ao expediente da licenza de obra nº 1130/2021 de Automocions San Marcos, S.L, concedida pola Xunta de Goberno local en sesión extraordinaria celebrada en data 5 de xaneiro do 2022.

SEGUNDO.- Propónse para a autorización do inicio das obras que contan coa mencionada licenza municipal de obra concedida o 5 de xaneiro de 2022, con arreglo ás LIMITACIÓNS que se establecen no informe técnico e nos informes sectoriais que constan no expediente 1130/2021 e que se sinalan a continuación:

a. Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural, ao abeiro do sinalado no artigo 36.2 da Lei do Solo por encontrarse en solo rústico de Protección Agropecuaria.

a.1) Consta no expediente autorización do citado organismo con CVE: lbtW6E8bL7

b. Axencia Estatal de Seguridade Aérea, por encontrarse na zona de Servidume de Aproximación do Aeroporto de Santiago de Compostela.

b.1) Consta no expediente resolución pola que se formula a declaración có código AESASRVAISA000DGKFIVRLFBBHFDA

Faise constar que o artigo 91 “Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe” da LSG, establece o seguinte:

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

Por outra banda, cómpre lembrar a obriga da plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas, segundo establece o artigo 39.d.7 da LSG e 61.7 do Decreto 143/2016 do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da LSG, de xeito que se atenúe o

impacto visual da construción.

De acordo có artigo Artigo 357, Resolución, do RLSG, “Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel (<http://silleda.es/concelleria-de-urbanismo-medio-ambiente-obras-e-servizos/urbanismo/modelocartel-de-obra/>) indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente”.

TERCEIRO.- O interesado, no caso de non ter aboadas as taxas, deberá aboar a taxa por outorgamento da licenza polo importe que corresponda.

CUARTO.-Notificar o presente acordo ao interesado.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE